



XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, (DOG nº 102 de 30/05/2018) constitúe a base fundacional da Axencia, que nace como consecuencia do proceso de adecuación á LOFAXGA do extinto Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL), coa intención de "dotala de todos os instrumentos que lle permitan cumprir a súa verdadeira finalidade: por unha banda, ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade e, por outra, potenciar a calidade da produción alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario para suplir os déficits que nesta materia se produzan na nosa comunidade autónoma e establecendo como obxectivo principal da súa actividade investigadora responder aos retos científicos e tecnolóxicos aos cales se enfrontan os sectores agroforestal e agroalimentario, vinculados á mellora da súa competitividade".

Agacal encádrase dentro das entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA). Como tal, está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión, nos termos establecidos na LOFAXGA, na normativa financeira e orzamentaria de Galicia, e nos seus estatutos.

A configuración da Axencia completouse co Decreto 148/2024, do 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e co Decreto 107/2019, do 5 de setembro, polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, aprobados polo Decreto 52/2018, do 5 de abril (DOG nº 176 do 17/09/2019).

Coa configuración presente, a Axencia integra, espallados polo territorio da Comunidade Autónoma, seis centros de formación e experimentación agraria (Sergude, Lourizán, Becerreá, Guísamo, Monforte de Lemos e Ribadeo), dous centros de investigación (Mabegondo e Leiro) dos que dependen catro estacións de experimentación (Monfero, Pobra de Brollón e Salceda de Caselas e Ribadumia) e o Laboratorio agrario e fitopatolóxico de Galicia (Mabegondo).





En total, 13 centros, ademais das dependencias centrais en Santiago de Compostela.

Dende a súa creación Agacal foi asumindo paulatinamente competencias dentro dunha situación de efectivos mínima, aliviada coa modificación do 2021 para cubrir algúns extremos. Sen embargo, existe unha circunstancia que se precisa solventar; a relativa á asunción da competencia na xestión das nóminas dos traballadores da Axencia. Por este motivo, inclúese nesta proposta a creación dunha xefatura de sección de habilitación que asuma estas funcións.

Doutra banda, plantéxase a apertura das prazas de Director/a de Centro de Formación e Experimentación Agroforestal a persoal da escala docente e a eliminación do requisito de doutoramento da praza de Director/a do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

1. Creación dunha praza de xefatura de sección de habilitación

Tal e coma se expuxo nos antecedentes, a autonomía de xestión esixe da Axencia a disposición da capacidade necesaria para a xestión das nóminas do seu persoal. Ata a data, esta función desenvolveuse contando co apoio da habilitación da Consellería do Medio Rural. Compre arbitrar os instrumentos precisos para a asunción plena da competencia. A tal fin, incorpórase no departamento de Coordinación da Xerencia a figura dunha habilitación de nóminas. A creación desta praza finaciarase coa amortización dun posto do propio departamento de Coordinación da Xerencia, de auxiliar de oficios e un posto de auxiliar de internado no CFEA de Guísamo.

A praza de auxiliar de oficios atópase vacante dende 2021, sendo innecesario contar con persoal que realice as funcións asignadas a este tipo de praza.

Por tanto, na Xerencia prodúcense os seguintes cambios:

CREACIÓNS						
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	N	PROV	SUB	C/E	OBS
MR.A11.00.002.15770.010	HABILITACIÓN NÓMINAS	25	CE	A1A2C1	XERAL	DH
AMORTIZACIÓNS						
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	G	N/CAT			
MR.A11.00.003.15770.110	AUXILIAR DE OFICIOS	04	014			





No Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo amortízase a praza de auxiliar de internado, vacante dende 2023, debido a que non existe neste Centro servizo de residencia nin na planificación da Axencia se considera necesaria o seu establecemento.

AMORTIZACIÓNS						
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	G	N/CAT			
MR.A11.20.003.15080.073	AUXILIAR INTERNADO	C2	12			

2. Apertura das prazas de Director/a de Centro de formación e Experimentación Agroforestal a docentes

A presente proposta ten por obxecto habilitar o acceso do persoal pertencente á escala de docentes ás prazas de Director/a de Centro de Formación Agroforestal. Esta adaptación responde a razóns de eficacia organizativa, adecuación normativa, optimización de recursos humanos e mellora da calidade do servizo público prestado nos centros de formación agraria.

Os Centros de Formación Agroforestal constitúen unidades especializadas cuxa finalidade principal é a formación, capacitación e actualización profesional do sector agrario e agroalimentario. As funcións directivas nestes centros esixen coñecemento e experiencia en ámbitos coma a planificación e programación de actividades formativas, os procesos de ensino-aprendizaxe ou a xestión de equipos docentes.

Os funcionarios pertencentes á escala de docentes reúnen precisamente esta combinación de competencias técnicas e formativas, o que lles permite exercer con solvencia a dirección académica, pedagóxica e de coordinación do centro.

A apertura do acceso á escala docente para estes postos directivos fundaméntase nos principios constitucionais de mérito, capacidade e idoneidade, ao permitir que poidan concorrer profesionais que acreditan formación específica e experiencia directa en:

- impartición de ensino regrado e non regrada,
- deseño de programacións formativas,
- xestión de proxectos educativos,
- avaliación de competencias e resultados formativos,





- actualización tecnolóxica nas áreas agropecuarias.

Todo iso garante a adecuación do perfil profesional ao contido real e efectivo do posto.

O persoal docente dos centros agrarios constitúe un colectivo con profundo coñecemento do funcionamento interno dos propios centros e do alumnado. A apertura da dirección ao devandito persoal permite á Administración aproveitar ao máximo a capacidade técnica existente e garantir continuidade nos proxectos e liñas formativas do centro.

A normativa vixente en materia de función pública e organización administrativa permite a definición dos requisitos de acceso aos postos en función das competencias do posto e da estrutura do servizo.

Nos citados postos, modifícase a adscrición, pasando a ser a A17 "ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA. E PERSOAL DOCENTE CON DESTINO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA"

Denominación	Código Posto	Localización	Corpo/Escala	Adscrición
Director/a Centro de Formación e Experimentación	MR.A11.20.003.15080.001	Guísamo	Xeral/Especial	A17
Director/a Centro de Formación e Experimentación	MR.A11.21.003.15120.001	Sergude	Xeral/Especial	A17
Director/a Centro de Formación e Experimentación	MR.A11.22.003.27500.001	Ribadeo	Xeral/Especial	A17
Director/a Centro de Formación e Experimentación	MR.A11.23.003.27300.001	Monforte de Lemos	Xeral/Especial	A17
Director/a Centro de Formación e Experimentación	MR.A11.24.003.27060.001	Becerreá	Xeral/Especial	A17
Director/a Centro de Formación e Experimentación	MR.A11.25.003.36001.001	Lourizán	Xeral/Especial	A17

3. Eliminación do requisito imprescindible de doutoramento na





Dirección do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Esta proposta responde a criterios de adecuación funcional do posto, eficacia na xestión pública, aliñación co principio de capacidade e idoneidade, e á distinción entre funcións directivas e funcións estritamente investigadoras.

O posto de Director/a dun centro de investigación non debe concebirse coma unha praza de natureza investigadora, senón como un posto directivo e de alta responsabilidade organizativa, cuxas funcións principais céntranse en:

- dirección estratéxica do centro,
- planificación plurianual de actividades e proxectos,
- toma de decisións organizativas,
- coordinación de equipos,
- representación institucional,
- interlocución con administracións, empresas e outras entidades,
- xestión económica e orzamentaria, elaboración e seguimento de contratos, convenios e proxectos;
- supervisión da xestión de persoal e recursos materiais.

O doutoramento acredita formación avanzada en metodoloxía investigadora, análise científica e elaboración de traballos académicos.

As funcións directivas antes descritas non gardan relación coa posesión do título de doutor, senón coa experiencia profesional, a formación en xestión pública e as capacidades para a toma de decisións.

A eliminación do requisito de doutoramento permite abrir o posto a perfís profesionais con experiencia acreditada en funcións directivas.

En definitiva, esta modificación xustifícase no feito de que a idoneidade para a dirección dun centro de investigación se xustifica dende a capacidade xestora e directiva de quen a exerce, non desde o nivel académico investigador.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital
O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
Martín Alemparte Vidal



XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

1. POSTOS A AMORTIZAR

PERSOAL FUNCIONARIO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	GRUPO	N/CAT	CUSTE	LIÑA
MR.A11.00.003.15770.110	Auxiliar de oficios	04	014	33.018,53 €	01203
MR.A11.20.003.15080.073	Auxiliar de internado	C2	12	28.939,14 €	09747

2. POSTOS QUE SE CREAN

PERSOAL FUNCIONARIO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	GRUPO	N/CAT	CUSTE	LIÑA
MR.A11.00.002.15770.010	HABILITACIÓN NÓMINAS	A1A2C1	25	57.872,25 €	

3. SALDO ECONÓMICO DA MODIFICACIÓN PROPOSTA

POSTOS A AMORTIZAR	-61.957,67 €
POSTOS QUE SE CREAN	57.872,25 €
SALDO	4.085,42 €

A xerente da Agacal

Laura Mezquíriz Miguel

Firmado por LAURA MEZQUIRIZ MIGUEL -
***1386** el día 05/02/2026 con un
certificado emitido por AC CAMERFIRMA
FOR NATURAL PERSONS - 2016